



Setembro 2023

Benqueridas familias do alumnado usuario do servizo de comedor:

Como en anos anteriores, queremos facervos chegar as normas de funcionamento que rexen este espazo.

ASEO:

Uso do mandilón vermello específico para o comedor. Debe estar marcado para evitarmos confusións. Levarase a lavar os venres.

- Os nenos e nenas lavarán as mans antes e despois de comer.
- Traerán un estoxo, marcado co seu nome e curso, co seu cepillo e pasta de dentes. Levarase tamén o venres para casa. Por motivos de tempo, só poderán lavarse aqueles que saian ás 15.30 ou 16.00h.

HORARIO:

- Os nenos e nenas de EI e EP irán ao comedor ao finalizar as clases, despois de lavar as mans e ir ao baño.
- O alumnado da ESO entrará ao comedor ás 14.20 h.
- As horas de recollida será ás 15.00, 15.30 e 16.00h. É preciso avisar en secretaría ou as coidadoras da hora.
- Sempre que sexa un número suficiente, os nenos e nenas que vaian as actividades extraescolares das 16.30, poderán esperar no centro o comenzo da mesma.

HÁBITOS:

Dentro do espazo de comedor intentaremos que os nenos e nenas:

- Coñezan e cumpran as normas básicas de comportamento na mesa.
- Manteñan un ton de voz adecuado.
- Pidan as cousas con educación e respecto.
- Proben os diferentes alimentos e sexan conscientes da importancia de comer dun xeito variado.
- Teñan unha actitude de compañeirismo, axuda e colaboración cos demais.
- Adquiran hábitos de coidado do espazo común.

NORMAS DE CONDUCTA:

- Non se consentirán faltas de respecto, verbais ou físicas, a compañeiros nin coidadores.
- Cando o comportamento dalgún dos alumnos non sexa o correcto, ben pola reiteración da falta ou pola súa gravidade, as familias serán informadas puntualmente cun parte de incidencias remitido polo responsábel do comedor ao titor do curso correspondente, e serán aplicadas as medidas pertinentes recollidas no Plan de Convivencia do centro.

AVISOS :

- É preciso entregar unha autorización debidamente cumplimentada para que unha persoa diferente aos pais ou titores recollan os nenos e nenas. No caso do alumnado maior, tamén é necesaria a autorización para que poidan sair sos do centro.
- Na medida do posíbel, pregámosvos avisedes en secretaría cando os nenos e nenas non vaian quedar no comedor.
- Aqueles que precisades ticket podeades collelo en secretaría o mesmo día, antes das 10.00h.da mañá, ou con antelación.
- Podeades consultar o menú na páxina web e, se o precisades, pedir unha copia en papel na secretaría.
- É preciso entregar en secretaria os informes médicos do alumnado que teña alerxias.

Grazas pola vosa colaboración.

Un saúdo,

A dirección

